



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



AON
Empower Results®



Comunicado nº 135/20
23 de Setembro de 2020

❑ PROPOSTA DE ACORDO Á XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA.

Ante a solicitude da Escudería Siroco Narón de que se trate, polos órganos de goberno da Federación Galega de Automobilismo, sobre os dereitos de calendario e aprobación de regulamentos (Taxas aboadas no 2019 para a tempada 2020), do bo destino e fin xa que polo Covid-19 a maioría dos calendarios de probas 2020 non se puideron facer co conseguinte prexuízo para Organizadores, Deportistas, e Federación.

Reunida a Comisión Executiva, da Federación Galega de Automobilismo, proporalle á Xunta Directiva-Comisión Delegada que as taxas e dereitos aboados no 2019, para a tempada de 2020, que non foron utilizados **se pasen cos mesmos efectos para o “Calendamento das probas e Aprobación de Regulamentos para a tempada de 2021”.**

Polo exposto tódalas probas que foran Calendadas para a tempada 2020, tiveran aboadas as taxas, pasaranse para a tempada de 2021, previa aprobación dos órganos de goberno, e así minorar os efectos económicos provocados pola pandemia ós organizadores de tódolos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2020/2021.

❑ COMISIÓN DE MONTAÑA:

Ante o sucedido na 13ª Subida Oia, onde varios participantes facían trompos e conducción indebida de volta o parque de traballo, despois de celebrada cada manga de competición; advirtese os vehículos “0” e “00” que en todo momento teñen que baixalos vehículos comprimidos, sen separación e baixo un control estricto e a velocidade moi moderada.

Asímesmo notificase aos participantes, moi en especial os de regularidade, que a partir da data requirírase os Colexios de Comisarios Deportivos para que calquera conducta anti-deportiva será sancionada con “Exclusión” con posterior traslado o Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo, para depuralas presuntas conductas antideportivas non axustadas o Regulamento da proba e do Anuario Deportivo.

De facer conducción antideportiva (trompos) será excluído da manga e da proba, de inmediato, invitando a que abandone o parque de traballo e a proba a tódolos efectos.
